

**Tema 15 do libro.** *Tendencias da literatura galega actual: narrativa e ensaio.*

**Tema da ABAU: A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.**

Nesta nova etapa destacan o impulso xeral das publicacións en galego e a aparición de novas editoriais como Xerais. Nisto tivo moita importancia a introdución do galego no ensino, provocando a aparición dun novo tipo de lector, menos ideoloxizado, e unha literatura infantil e xuvenil. Tamén empezan a aparecer os premios literarios. Os medios de comunicación van influír nos gustos da xente e na maneira de ver o mundo. Vemos na literatura unha grande influencia do cine e da música pop e rock.

Os autores van evoluíndo desde unha narrativa de técnicas realistas e preocupacións sociais ata o uso de técnicas máis experimentais (multiperspectivismo, fragmentarismo...) xa agromadas na Nova Narrativa Galega. Desaparecen os límites e inclúense textos de diferente tipoloxía (anuncios, cómics, informes...). Desaparecen os capítulos, combinación de varias historias (técnica do contrapunto)

A temática vai desde preocupacións dos novos tempos (narcotráfico, paro, delincuencia, ecoloxía...) ata temas históricos (Guerra Civil, emigración), existencialistas (morte, soidade, incomunicación...).

Entre as tendencias principais temos, por unha banda, a que se coñece como **literatura comercial ou "de quiosco"**.

O **xénero policial** con Carlos Reigosa, *Crime en Compostela*

Unha **ficción científica** con Ramón Caride, *Soños eléctricos*, Agustín Fernández Paz, *As flores radioactivas* e Suso de Toro con *A sombra cazadora* entre outros.

A **novela do oeste** onde destaca Xosé Fernández Ferreiro, *A morte de Frank González* e Isidro Novo, *Por unha presa de machacantes*.

No **relato erótico** temos a Xulio Valcárcel, *Anel de mel*

Pola outra banda está a chamada **literatura "autóctona"** coas seguintes temáticas:

**Literatura realista**, por un lado coa presenza do medio rural en *Homes de Tras da Corda* de Carlos G. Reigosa e un realismo sociolóxico en *Morrer en Castrelo do Miño* de X. Fdez. Ferreiro; o mundo urbano en *Froito das lembranzas* de Tucho Calvo

**Narrativa histórica**, recrea determinados momentos do noso pasado. Entre outros temos a Bernárdez Vilar con *Un home de Vilameán*; Méndez Ferrín con *Antón e os inocentes* e Víctor Freixanes con *O triángulo inscrito nunha conferencia*.

**Narrativa memorialista**, centrada na Guerra Civil e na posguerra. Temos autores do exilio como Valenzuela con *Era tempo de apandar*; Carlos Casares con *Os mortos daquel verán*; Fdez.Ferreiro con *Agosto do 36* ou Manuel Rivas *Os libros arden mal*.

A **novela de aventuras**, xénero cultivado por Xavier Alcalá en *Latitude austral*; Marilar Aleixandre na súa novela *A expedición do Pacífico* ou Xosé Miranda con *Morning Star*.

**Novela feminina**: onde a muller é protagonista total. M<sup>a</sup> Xosé Queizán, *Amantía*.

**Unha narrativa intimista** onde destaca Marina Mayoral en *Querida amiga* ou Manuel Rivas en *O lapis do carpinteiro*.

**Narrativa con temática artúrica** sobresaie Méndez Ferrín con *Amor de Artur* ou Darío Xohán Cabana con *Galván en Saor*.

**Novela de misterio ou terror** con Paco Martín, *Tres historias para ler á noite*

**Na narrativa humorística** está Gonzalo Navaza con *Erros e Tánatos*

**Novela cunqueiriana** onde se mestura o fantástico e o real. Aquí destacan Paco Martín con *Muxicas no espello* ou Darío Xohán Cabana con *Fortunato de Trasmundi*

**Narrativa experimental** cultivada por autores que crean fórmulas narrativas moi persoais e anovadoras como Suso de Toro en *Tic-Tac*, ou Xurxo Borrazás en *Criminal*.

**Narrativa alegórico-social**, mostran dunha forma alegórica a situación do pobo galego, temos *Retorno a Tagen Ata* de Ferrín e *Fábula* de Xavier Alcalá

**Dentro da literatura infantil-xuvenil** podemos citar *O misterio das badaladas* de Xabier Docampo; *Das cousas de Ramón Lamote* de Pazo Martín; *Anagnórise* de Victoria Moreno e outras moitas.

Nesta etapa amais dos autores nados no principio do século XX como Cunqueiro e os autores do período de posguerra, como Neira Vilas ou Casares, contamos coa incorporación de moitos novos e novas narradores e narradoras. É difícil facer unha escolla enre tantos autores, polo que a selección feita é un tanto subxectiva.

Podemos començar polos que empezan a publicar na **transición**:

**Xavier Alcalá** con tres tipos de temática: realismo sociolóxico en *A nosa cinza* e *Tertulia*; a emigración en *Cárcere verde*; crónicas de viaxes con obras como *Viaxe no país de Elal*.

Outros autores: X. Fdez.Ferreiro, Paco Martín e Alfredo Conde.

Un segundo grupo cos que publican nos **anos 80**:

**Víctor Freixanes** que comeza escribindo nunha liña xornalística con *Unha ducia de galegos* e continúa cunha mestura de historia e fantasía en *O triángulo inscrito na circunferencia*

**Suso de Toro**: cunha narrativa afastada dos tópicos culturais, fantasía, ironía, humor, lingua coloquial. En relatos te: *Caixón desastre*, *Polaroid* (técnicas cinematográficas e protagonistas marxinais); en novelas: *Land-Rover*, *Tic Tac* (puzzle), *Calzados Lola*, etc.

**Manuel Rivas**: síntese do tradicional e contemporáneo. Libros de relatos: *Un millón de vacas, ¿Que me queres, amor?*; Novelas: *Os comedores de patacas*, *O lapis do carpinteiro* (historia de amor na guerra civil) e a represión na Guerra (*Os libros arden mal*), etc.

Outros autores: Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana, Marilar Aleixandre, Tucho Calvo,...

Un terceiro grupo que edita **nos 90**:

Xosé Carlos Caneiro con *Ébora*; Antón Riveiro Coello con *Os ollos de K*; Marilar Aleixandre , *A banda sen futuro*; Gonzalo Navaza ou Xurxo Borrazás entre outros moitos.

E xa por último citar algúns dos **máis novos** como Sechu Sende, Marcos Calveiro ou Núñez Singala. Hai que dicir que co novo milenio se dá unha eclosión da narrativa de mulleres. Entre tantas podemos citar a Rosa Aneiros, *Resistencia*; Teresa Moure, *Herba moura*; María Reimóndez, *O club da calceta*; Anxos Sumai, *A lúa da colleita* e un longo etc.

Canto ao **ensaio** temos que é un xénero moi cultivado nesta etapa. Favorecido pola creación de coleccións específicas en varias editoriais; a creación dalgunha como Laiovento que publica basicamente ensaio e a galeguización de moitos ámbitos universitarios que levou a publicar as súas investigacións en galego.

A temática é do máis diversa, temos ensaios sobre economía e política, Xosé Manuel Beiras; sociolingüística, Xesúa Alonso Montero ou Francisco Rodríguez con estudos sobre o conflito lingüístico; teoloxía e filosofía; Torres Queiruga; feminismo, María Xosé Queizán; medioambiente e outros moitos temas.